- Coñecer o papel da música en distintas produccións audiovisuais.
- Coñecer os distintos estilos, características e grupos representativos da música popular urbana.
- Interpretación de partituras variadas propostas na clase.

## 11. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Dado que "Música" non está considerada no grupo das materias con contido progresivo, este Departamento establece a recuperación mediante plans de traballo decididos pola xefa do departamento en colaboración co profesor-titor dos alumnos pendentes.

Este ano se da a circunstancia en varios alumnos, algúns deles matriculados en 3º de E.S.O e con Música de 2º suspensa, e outro matriculado en 4º, e coa Música de 3º non superada.

Os **plans de traballo** constan do seguinte:

Alumnos con Música de 2º pendente:

Realización dos exercicios do cuaderno de traballo correspondente ó libro de texto en uso (Galinova Música 1º ciclo ESO). A temporalización dos exercicios queda da seguinte maneira: elaboración dos exercicios das tres primeiras unidades na primeira avaliación. Os exercicios correspondentes ás unidades 4 á 6, na segunda avaliación; os exercicios correspondentes ás unidades 7 á 9, na terceira.

Alumnos con Música de 3º pendente:

Realización dos exercicios do cuaderno de traballo correspondente ó libro de texto en uso (Galinova Música 3º ESO). A temporalización dos exercicios queda igual que para os pendentes de 2º, é dicir: elaboración dos exercicios das tres primeiras unidades na primeira avaliación. Os exercicios correspondentes ás unidades 4 á 6, na segunda avaliación; os exercicios correspondentes ás unidades 7 á 9, na terceira.

A **avaliación** destes plans de traballo será levada a cabo polo Departamento de Música, sendo a coordinación e seguemento dos mesmos responsabilidade da xefa do departamento.
Os alumnos deberán entregar os exercicios establecidos nas datas marcadas polo departamento, que serán as que seguen: mediados de decembro: exercicios das tres primeiras unidades. Finais de marzo, exercicios das unidades 4 á 6. Finais de maio: exercicios das unidades 7 á 9.

No caso en que os alumnos non entreguen os exercicios nas datas marcadas, entreguen incompletos, ou con erros numerosos, deberán presentarse a un exame final no mes de maio, no que estén presentes tódolos contidos da materia pendente. Se aínda así, os alumnos non superan esta proba, poderán facer outra no mes de setembro.

Os **mínimos esixibles** nos exames tanto de maio coma de setembro para superar a materia pendente sos os seguintes:

- Usar diferentes fontes: partituras sinxelas, textos... para coñecer a música, e referirse a ela coa terminoloxía apropiada, aprendendo a respectar distintas

formas de expresión musical.

- Utilizar correctamente os elementos da linguaxe musical traballados no curso: signos de repetición, grupos de valoración especial,compases de 2/2, 2/4, 4/4 e 6/8, intervalos, escalas…
- Coñecer os instrumentos musicais e a súa clasificación.
- Coñecer as voces humanas e a súa clasificación.

## RECUPERACIÓN DA MATERIA EN CASOS EXCEPCIONAIS:

Debido á experiencia dun alumno que por enfermidade non puido asistir ás clases, este departamento estableceu os seguintes criterios para a recuperación da asignatura de Música:

- elaboración dos exercicios do cuadernillo de traballo do correspondente curso. Ditos exercicios foron entregados á titora para entregalos aos pais da nena. Os exercicios están secuenciados trimestralmente.

- en caso de no entrega destes traballos, o departamento establece un examen final cos obxectivos e contidos básicos do curso. O exame está elaborado pensando nos coñecementos previos do alumna, xa que ten estudos musicais fora do instituto.

## 12- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na aplicación ó tratamento á diversidade, óptase por la flexibilidade, segundo as necesidades de enseñanza-aprendizaxe. Hai que ter en conta as situacións personais de cada alumno, axudando ós menos dotados e potenciando as cualidades de mías capacitados a través de actividdes de reforzo e ampliación.

O aprendizaxe da **linguaxe musical** ten algúns aspectos que poden crear especiais dificultades en algúns alumnos. Este é o caso, por exemplo, do **ritmo**. Aquí é moi necesario o tratamento da diversidade porque son notorias as diferencias entre determinado tipo de persoas, xa que podemos encontrar alumnos “arrítmicos”. En estes casos procurarase insistir na práctica de exercicios rítmicos, como son as actividades de atención e concentración, ou os xogos rítmicos.

Outro aspecto na aprendizaxe musical na ESO é saber **entoar**, pero non todas as persoas nacen con bo oído musical. Nestes casos é necesario aprender a escoitar e un traballo continuo do profesor e do alumno.Os alumnos que desentonan, con dificultades auditivas o de reproducción de sons chamados de “mal oído”, merecen unha atención especial e procurarase darlles protagonismo naquelas actividades nas que se desenvolven millor e que non necesitan entonar.Por exemplo, nos exercicios rítmicos, uso de instrumentos de percusión, danza, ostinatos sinxelos, uso de instrumentos de placas debidamente preparados…

No caso de dificultades na **práctica instrumental**, os alumnos con maior dificultade, poden dedicarse á práctica instrumental sinxela e á identificación de instrumentos. Pódense facer algunhas destas actividades de reforzo:

- práctica con instrumentos da aula, primeiro de son indeterminado e logo de placas afinadas.
- Unha vez coñecidoa a forma e nombre dos instrumentos da aula, coñecer e distinguir o seu son.
- Interpretarase, nos instrumentos de placa, arpexios sonre tónica, dominante e subdominante, para acompañar unha canción.
- Interpretarese na flauta dulce unha das cancións do texto do alumno, das que teñen ritma máis doado e ningunha alteración.

Nos **temas teóricos**, podem xurdir dificultades á hora de detectar unha forma musical nunha partitura ou nunha audición. Neste caso deben afianzarse ben os conceptos con exemplos sinxelos. Pódese facer, como actividade de reforzo, a audición de obras doadas, que teñan pequenas formas para distinguir a súas partes.

Cando se traballen as **audicións**, reforzarase ó alumno con dificulatades, con algunha destas actividades:

- identificar, pola súa forma musical, ó menos unha obra instrumental de cada época.
- Interpretar melodías doadas sobre as notas que se traballen na clase.
- Escoitar varias veces  as audicións, traballándoas de maneira especial por fragmentos.
- Visualizar películas da vida dos músicos.
- Realizar fichas de asistencia a un concerto en vivo.

## 13- TEMPORALIZACIÓN.

Tendo en conta que nesta disciplina ademáis dos conceptos, valóranse moito os procedementos (a coordinación, oído, destreza ...), non pode ser nunca unha distribución ríxida.
Haberá que atender á evolución individual a á do grupo en conxunto, e observar a dificultade,a predisposición ou o interese polos aspectos concretos da programación.

En rasgos xerais, distribuirase así:

EN 2º DE ESO:

- 1ª avaliación: Unidades didácticas 1, 2 ,3
- 2ª avaliación: Unidades didácticas 4, 5, 6
- 3ª avaliación: Unidades didácticas 7, 8, 9

EN 3º DE ESO:

- 1ª avaliación: Unidades didácticas 1, 2, 3
- 2ª avaliación: Unidades didácticas 4, 5  e 6

- 3ª avaliación: Unidades didácticas 7, 8,9

EN 4º DE ESO:

- 1ª avaliación: Unidades didácticas 1, e 2.
- 2ª avaliación: Unidades didácticas 3, 4 e 5.
- 3ª avaliación: Unidades didácticas 6, 7 e 8.

EN 1º BACHARELATO

Non haberá libro de texto, e a temporalización seguerá o establecido no apartado de "Obxectivos e contidos secuenciados trimestralmente" para cada nivel.
Aclaramos que mentres os temas delimitan ou destacan aspectos concretos, na práctica da aula vanse interrelacionar e volverase sempre a eles. Así poderanse tocar conceptos na 1ª avaliación que se desenvolverán na 3ª por exemplo, ou viceversa.

## 14- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A **avaliación** é un proceso continuo que abarcará as fases trimestrais e a marcha do alumno ó longo do curso.

Buscarase unha media na nota da avaliación e na nota global da cada alumno, téndose en conta o seguinte:

- os exames e probas teóricas contarán un 60% da nota final.
- as probas das cancións preparadas na clase, así como probas de solfexo feitas na clase contarán un 40% da nota, incluíndo a actitude.

O departamento aclara que se terá en conta estas porcentaxes sempre que o alumno chegue a un **3 sobre 10** de nota tanto nas probas teóricas coma na avaliación das actividades de práctica instrumental e solfexo. Así, por exemplo, se o alumno acada boa nota, un 8 ou un 9 de media, nos exames de práctica musical, pero non acada un tres de media nos exames teóricos, o departamento considera que dito alumno non aprobará a avaliación. O mesmo pode ocorrir se o alumno acada unha nota moi baixa (menor a 3) na práctica musical.

En **1º de bacharelato**, ao ser unha materia moi práctica, o departamento considera que o alumno que abandone a parte de práctica instrumental e/ou solfexo, non poderá aprobar a asignatura, aínda que teña aprobada a parte teórica. Deberá modificar a súa actitude, e practicar na clase coa frauta as cancións que se traballen, así como os exercicios de solfeo.

No caso de que un alumno/a de Bacharelato faltase de maneira inxustificada ao 10% das horas lectivas dunha materia, os criterios de avaliación non se lle poderán aplicar integramente, polo que o profesorado poderá recurrir a un sistema extraordinario de avaliación. Neste caso, o alumno/a terá dereito unicamente a unha proba especial final previa á avaliación ordinaria. O

titor/a e o profesor/a da materia afectada, en canto o alumno supere o 10% das faltas inxustificadas permitidas, decidirán se modifican o sistema de avaliación.

*O punto 2, apartado 4 do protocolo de absentismo,* enumera as faltas de asistencia xustificables. En caso de faltas de asistencia non contempladas no devandito apartado, as faltas consideraranse non xustificables.

Tendo en conta que o curso escolar ten aproximadamente 34 semanas en 1º BAC, e 30 semanas en 2º BAC, o número máximo de faltas inxustificadas, que dependerá do curso e da carga horaria da materia, detállase na seguinte táboa:

| **Horas semanais da materia** | **1º BAC** | **2º BAC** |
|---|---|---|
| Materias de 1 hora semanal | 4 faltas | 3 faltas |
| Materias de 2 horas semanais | 8 faltas | 6 faltas |
| Materias de 3 horas semanais | 11 faltas | 9 faltas |
| Materias de 4 horas semanais | 14 faltas | 12 faltas |

Na nota global de final de curso, valorarase o progreso do alumno á alza, de maneira máis positiva que o progreso á baixa, tendo en conta tódalas circunstancias, e non facendo da nota global unha simple media aritmética.

As posibilidades de **recuperación** do alumno ó longo do curso serán sempre constantes, facilitándolles a eles mesmos a información do seu progreso e incentivándolles a súa responsabilidade. No caso dunha avaliación suspensa na que seña clara a ruptura temática con respecto á seguinte, farase a **recuperación correspondente sobre o tratado naquela avaliación.** Dita recuperación levarase a cabo antes das vacacións dese trimestre ou no conezo do seguinte. No caso de non aprobar dita recuperación, o habitual no departamento é facer **outra recuperación correspondente a avaliación suspensa na 3ª avaliación,** antes do final do curso. Darase a oportunidade ó alumno de poder recuperar todas e cada unha das avaliacións que teña suspensas mediante un exame sobre os contidos de dita avaliación.

As recuperacións no final de curso realizaranse da seguinte maneira:
- os alumnos coa 1ª avaliación suspensa e aprobadas a 2ª e a 3ª non farán recuperación en xuño, xa que o departamento considera que o alumno superou os contidos do curso.
- os alumnos coa 1ª e 2ª avaliación suspensa deberán facer un exame sobre os contidos desas avaliacións.
- os alumnos coa 1ª e 3ª avaliación suspensa deberán facer un exame sobre os contidos desas avaliacións.
- os alumnos coa 2ª e 3ª avaliación suspensa deberán facer un exame sobre os contidos desas avaliacións.
- os alumnos que só teñen a 3ª avaliación suspensa farán unha proba da terceira avaliación, sempre e cando vírase no alumno un claro empeoramento.

A nota da 3ª avaliación non terá por tanto que coincidir necesariamente coa nota final do curso.

Tal e como dita a Orde do 25 de xaneiro de 2022, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Por todo isto, modifícanse os criterios de cualificación quedando do seguinte modo:

a) En caso de ter superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado recibirá actividades de ampliación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

As actividades de repaso e ampliación para os alumnos coas tres avaliacións parciais aprobadas valoraranse ata un 5%

b) En caso de non ter acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado realizará actividades de recuperación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

O alumnado coas tres avaliacións non aprobadas, fará traballo de repaso na clase para intentar susperar as recuperacións correspondentes (mediante exame escrito e práctico), que se valorarán da seguinte maneira:

- Recuperacións da parte práctica da materia: 40% da nota.
- Recuperacións da parte teórica da materia: 60% da nota

No Departamento de Música existen unhas horas concretas adicadas a atención de alumnos con materias pendentes. No caso de que un alumno promocione do 1º ó 2º Ciclo da ESO coa asignatura suspensa enviaráselle para o verán un repaso dos contidos e obxectivos mínimos.

Durante o curso seguinte terase en conta o seguemento destes alumnos, e dos que presenten problemas de adaptación ó desenvolvemento normal da clase, **atendendo** sempre **á diversidade**, e programando **actividades de reforzo na mesma aula** para os que as necesiten, sobre todo en 2º e 3º de ESO dado o seu carácter obrigatorio.

As **adaptacións curriculares** programaranse ó longo do curso no caso de ser detectadas as necesidades entre o alumnado.

# 15. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación en 2º DE ESO:

- Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unaha linguaxe técnica apropiada ao referirse a eles.
- Diferenciar as sonorodades e a forma dos instrumentos orquestais, así como dos pertencentes á tradición musical de Galicia, e as tesituras de voz máis comúns.
- Distinguir os elementos que se enpregan na representación gráfica de máucia (colocación das notas no pentagrama,clave de sol e fa en cuarta;duración das figuras;signos que afectan á intensidade e matices;indicacións rítmicas e de tempo, etc)
- Recoñecer e aplicar os elementos rítmicos básicos a través da lectura, a interpretación e a audición de pequenas obras, ou ben de fragmentos musicais.
- Apreciar e distinguir os esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos basicos empregados na creación musical.
- Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
- Analizar e comprender os conceptos da monodia e da polifonía e recoñocer, a través da audición, estes tipos de textura e as formas máis sinxelas da construcción musical.
- Relacionar básicamente a música con algunhas das outras manifestacións artísticas.
- Intervir nas actividades de interpretación musical (vogal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ao conxunto e respetando as normas básicas de actuación.

Procedementos de avaliación en 3º DE ESO:

- Respectalos esquemas rítmico-melódicos propostos na interpretación, partindo de esquemas rítmicos de complexidade progresiva.
- Interpretar con corrección as cancións propostas en cada trimestre.
- Utilizar con precisión a lectoescritura musical como apoio ás tarefas de interpretación e de audición.
- Interpretar sinxelos acompañamentos utilizando os acordes de tónica, dominante

e subdominante.

- Distinguir, identificar e clasificar a través da audición os instrumentos musicais.
- Utilizar correctamente a terminoloxía propia dos diferentes elementos da música escoitada, e os termos relacionados co seu contorno histórico e social.
- Coñecer de forma xeral cada periodo da historia da música.
- Valorar as caracteríticas que contextualizan unha obra musical, interesándose por diversificar as súas preferencias.
- Comprender e aceptar as normas que rexen o comportamento do público en cada situación musical concreta.
- Valorar a importancia do silencio como actitude básica do oínte, e do intérprete en grupo, tanto dentro como fóra da aula.

Procedementos de avaliación en 4º DE ESO:

- Recoñecer e individualizar o plano sonoro correspondente á súa voz nas interpretacións polifónicas. Entoar afinadamente.
- Respectalos esquemas rítmico-melódicos propostos na interpretación, producindo improvisacións musicalmente válidas.
- Respectar conscientemente as actitudes necesarias para a producción da música: o marco do silencio, a atención ó director e ós compañeiros, a escoita dun mesmo e dos demáis, a intervención no momento preciso, preocupándose pola corrección, expresividade e beleza do resultado final.
- Utilizar con precisión a lectoescritura musical en compases simples e compostos, coidando a articulación e o fraseo, como apoio ás tarefas de interpretación.
- Interpretar con precisión acompañamentos cos acordes de tónica, dominante e subdominante sobre as escalas maior e menor.
- Utilizar correctamente a terminoloxía propia dos diferentes elementos da música escoitada e os termos relacionados co seu contexto histórico-social, emitindo opinións razoadas sobre os aspectos máis importanetes das obras escoitadas.
- Distinguir a textura nunha obra ou fragmento musical sendo capaz de seguir as voces no discurso musical polifónico.
- Seguir partituras mentres se escoita a obra musical correspondente.
- Valorar as características básicas que sitúan no seu contexto as diversas manifestacións musiais estudadas.
- Elaborar xuízos e criterios persoais, considerando as diferencias entre o emprego artístico, utilitario, decorativo ou lúdico da música.
- Aceptar as normas básicas que rexen a audición musical en grupo, e percibir o silencio como elemento expresivo dentro e fóra da aula.
- Asumir o silencio como marco necesario para a interiorización da linguaxe musical.

Procedementos de avaliación en 1º Bacharelato:

- Empregar con autonomía partituras convencionais como medio de coñecer e interpretar pezas tanto vocais como instrumentais.

- Utilizar correctamente a terminoloxía propia dos diferentes elementos da música: carácter, dinámica, armonía, etc, e os termos relacionados co seu contexto histórico e social.
- Mostrar unha actitude crítica fronte a situacións de contaminación acústica, excesos de producción sonora ou consumo musical e valorar a súa influencia negativa sobre a música como actividade artística.
- Recoñecer os diferentes estilos, formas e compositores da música estudada.
- Interpretar con corrección as partituras propostas.

**<u>Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:</u>**

Para alcanzar o 60 % da nota (contidos teóricos), levarase a cabo os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación persoal diaria, téndose unha ficha da cada alumno/a na que se rexistre a evolución no traballo, o esforzo, a falta ou non do material, autonomía, respeto, autocrítica, madurez, ...
- Probas orais ou escritas: dous controis escritos, como mínimo, en cada avaliación. Estes controis serán puntuados cunha nota entre 1 a 10. Farase unha nota media destes controis.
- Valoración dos traballos de clase e de investigación, preparados na clase ou fora dela.
- Autoavaliación, por exemplo, mediante un cuestionario preparado polo profesor.

Para alcanzar o 40 % da nota (contidos prácticos e actitude), levarase os seguintes instrumentos de avaliación:

- Observación persoal diaria: o profesor terá unha ficha da cada alumno/a na que se rexistre a evolución no traballo, o esforzo, a falta ou non do material, autonomía, respeto, autocrítica, madurez, ...
- Probas das cancións practicadas na clase. Cada canción valorarase cunha nota numérica (de 1 a 10). Farase unha nota media de todas as canción examinadas en cada trimestre.
- Probas dos exercicios de solfeo ou linguaxe musical. Cada exercicio valorarase cunha nota numérica ( de 1 a 10 ), facendo unha nota media de todas estas probas.
- A actitude do alumno terase en conta neste apartado, da seguinte maneira:

  1. A falta de material, con especial importancia da frauta, descontará 0,15 da nota final da avaliación por cada día de ausencia. No caderno do profesor aparecerán os negativos por falta de material.
  2. O abandono na práctica da frauta ou solfeo, suporá o suspenso da materia, como xa se comentou.
  3. A mala actitude reiterada, como faltas de respeto aos compañeiros mentres interpretan, interrupcións nas explicacións, falta de interese, presencia de comida na clase ou negación a traballar, suporá ate un máximo de 1 punto menos na nota fina

## 16- LIBROS DE TEXTO

Os Libros de texto elexidos polo departamento son:

Para 2º ESO: Ed. "Galinova 1º ciclo".

Para 3º ESO: Ed. "Galinova 3º ESO".

Para 4º ESO:  non se seguirá nimgún libro de texto.

Para 1º de Bacharelato, *Linguaxe musical*,  decidiuse non utilizar ningún texto.

## 17-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### 2º ESO

Moitos dos obxectivos e contidos deste curso son meramente prácticos, por iso para traballar os aspectos da **linguaxe musical**, o maior recurso didáctico empleado sos exercicios variados que teñen como base partituras. Aprendendo a ler música, tocando instrumentos ou ben cantando, é o principal recurso para practicar a linguaxe musical. O material didáctico utilizado para lograr estes obxectivos son as cancións contidas no libro de texto, así como outras máis proporcionadas polo profesor, os exercicios do caderno de traballo e a utilización do instrumental Orff da clase, así como a propia flauta de cada alumno.Ademáis a aula conta con teclado para acompañar a práctica musical e unha guitarra.É importante que o espazo da aula sexa adecuado, para poder traballar o ritmo e o movemento.

Para outros **obxectivos de tipo teórico**, como pode ser o coñecemento dos instrumentos musicais, o profesor utiliza como recursos didácticos a apredizaxe visual e auditiva dos instrumentos, non obrigando aos alumnos a un apredizaxe meramente

memorístico.Deben coñecer como se clasifican, que forma teñen o cal é a súa orixe, pero a través da diferenciación visual (con láminas, vídeos, fotografías…) e autidiva. Convén que a imaxe visual vaia unida á imaxe acústica

A **escoita de audicións** de distintos contextos musicais é contido fundamental neste nivel educativo. Os recursos dos que debemos valernos é o estudo e o análise comparativo de diferente obras musicais, coñecendo o contexto no que se desenrrolou a obra en cuestión. Cada unidade ten como mínimo unha audición de época e contexto moi variado, que se pode ampliar con outras audicións, como a colección de grandes compositores da Editorial Salvat.

## 3º e 4º ESO

Para estes niveis, os materiais e recursos didácticos son bastante similares aos do curso anterior.O libro de texto e o caderno de exercicios utilízase para traballar obxectivos teóricos e prácticos de linguaxe musical. A interpretación de partituras con flauta e instrumental Orff é funtamental para consolidar a linguaxe musical e acadar un nivel cada vez mayor na práctica musical.

Os obxectivos vinculados ós contextos musicais se amplian con lecturas, guiadas polo profesor, de textos vinculados á historia da música.

## BACHARELATO

A **práctica instrumental** é unha constante ó longo da ESO e continúase neste nivel de bacharelato. A interpretación de partituras variadas en estilos, contextos e épocas está presente durante todo o curso.

Os **temas teóricos** como o estudo das formas vocais e instrumentais teñen como recurso didáctico o etudo e análise comparativo de diferentes obras; da forma dunha obra sinxela a través da partitura e da audición. Estúdase tamén a través da influencia que dita forma exerceu nun momento histórico, profundizando na estética dunha determinada época. A ampliación dos coñecementos debe facerse a través da investigación de textos musicolóxicos conducida plo profesor.

Outros temas vinculados á Historia da Música, obrigan a contextualizar as obras musicais que se escoitan nun espazo e tempo concreto, e a ter información que favoreza a comprensión das obras musicais de diferentes xéneros, estilos e formas.

Entre o **material didáctico** máis empleado nos cursos da **ESO** podemos destacar:

- Libro de texto
- Caderno de música. Este caderno terá follas en branco para escribir textos, e follas de papel pautado con pentagramas para escribir música.
- Equipo de música.
- Discografía señalada en cada unidade, e ampliada con outras coleccións.
- Teclado electrónico.
- Instrumentos Orff.
- Guitarra.
- Flauta.
- Espacio amplo na aula para traballar o ritmo e o movemento.

Entre o **material didáctico** utilizado máis habitualmente no nivel de **bacharelato** podemos destacar:

- Discografía máis utilizada: ademáis dos Cds dos libros de texto das editoriales Everest e Galinova, son de uso habitual a colección de "Los grandes compositores" da editorial Salvat.
- Textos: extraídos de manuales como "Historia de la música Occidental", de Grout y Palisca, ademías da gran variedade de libros de texto.
- Instrumentos: Instrumentos Orff, guitarra, teclado, flautas.
- Partituras: moitas están extraídas dos libros de texto (especialmente Galinoca, Santillana), cancioneros, libros de partituras e internet.
- Outros: proxector de diapositivas, DVDs de temática variada (compositores, luthiers).

## 18- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento ten moito interese en promocionar a participación dos alumnos nas actividades musicais fóra e dentro do instituto, aproveitando sempre os concertos didácticos que se ofrezan en zonas cercanas, as visitas a exposicións relacionadas coa música, a participación en distintas agrupación musicais, etc...

En canto as saídas do centro, sempre e cando se poida, asistiranse ás actividades musicais organizadas polo concello co fin de que o alumnado poida ver a realidade musical en un dos espazos máis emblemáticos como é o teatro, fomentando así uns hábitos culturais para o futuro.

Dende o propio centro organízanse actividades onde os alumnos de Música participan.

O curso pasado, o alumnado de Música colaborou nas seguintes actividades:

Preparación de "pasarrúas" para o entroido e para a celebración dos Maios.

Ensaios para a celebración do Día de Europa.

Participación na grabación da canción "Chea de Vida" de Guadi Galego en Navantia, xunto co alumnado doutros centros da comarca.

## 19- APORTACIÓNS AO PLAN DE CONVIVENCIA E AO PLAN TICS

En canto ao Plan de Convivencia, os alumnos deberán respetar ao resto de compañeiros e ao profesor dentro e fóra da aula. Do mesmo xeito, terán que cumprir unhas normas de convivencia e conducta, tales como manter a clase en orde, non utilizar o teléfono móvil, chegar con puntualidade ás clases, tanto as que se dan na clase de referencia como as que se dan na aula de informática.

Tratárase de contribuir ao Plan Tics, na medida do posible, utilizando a aula de informática para buscar diferentes tipos de información e consultar datos útiles sobre os distintos traballos a realizar na aula.

## 20- O PLAN LECTOR

No IES existe un Plan léctor que está sendo desenvolvido cada ano.

O departamento de Música intenta colaborar con dito plan, levando a cabo os seguintes **obxectivos**:

- conseguir a paulativa capacitación do alumnado na lectura e a compresión de todo tipo de textos, utilizando as disitntas tecnoloxías e distintos soportes.
- transmitir ós alumnos unha actitude positiva ante o proceso de lectura, non só como medio para a aprendizaxe, senón tamén como recurso de pracer e como axuda ao desenvolvemento persoal.

O departamento de Música utiliza para traballar no Plan lector os seguintes **soportes**:

- **soporte impresos**:

**Libro**: o departamento traballará coas lecturas que aparecen no libro de Música do 1º ciclo de Santillana, concretamente o apartado titulado "Noticias musicales", que trata temática muy variada, dende pequenas biografías de compositores, anécdotas, datos técnicos musicales, historia dos instrumentos...

Os alumnos de maior nivel, coma os de Bacharelato, traballarán con textos extraídos do libro "Historia da Música Occidental", dos autores Grout e Palisca.

Con calquera destes textos, ou ben doutros interesantes que vexa o profesor, realizaranse lecturas, tanto na aula coma na casa, e despois se fará unha actividade avaliadora, como fichas sobre determinados aspectos da lectura, proba individual por escrito, debate oral na clase...

- **soporte electrónico**: **Internet**

Debemos ensinar ós alumnos o correcto manexo das fontes da información con soporte elcetrónico.

A avaliación corresponderá cos obxectivos expostos ao comenzo. Puntuarase como unha actividade máis dentro dos contidos da asignatura.

## 21- BIBLIOGRAFÍA

*DIARIO OFICIAL DE GALICIA* Nº 142 do mércores 29 de xullo de 2015.

| | | |
|---|---|---|
| VVAA | *Música. Guía didáctica* (Proyecto Escala) | Editorial Everest |
| VVAA | *Música eso. Guía y recursos* | Editorial Santillana. |
| M, ASSENLINEAU E E. BEREL | *La voz* | Ediciones J.M. Fuzeau. |
| VVAA | M*úsica eso. Guía didáctica* | Editorial Galinova |
| CASARES, EMILIO | Música, proyecto Escala 2.0 | Editorial Everest. |

## 22- CONFORMIDADE DO DEPARTAMENTO

En Ferrol, a 13 de setembro de 2022.

Conforme o Departamento de Música.

Nome: Sinatura:

Encina Fra Gálvez

ESTA PROGRAMACIÓN DIDÁCTIVA ESTÁ A DISPOSICIÓN DO ALUMNADO QUE QUERA CONSULTALA NA XEFATURA DO IES.